**BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS FEDERADAS PARA O "PROGRAMA DEPORTE BASE CURSO 2.022/2.023" DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**

Co obxecto de apoiar a labor que se está desenvolvendo por parte das entidades deportivas do Concello do Barco de Valdeorras no que a Deporte nas categorías base se refire, este concello procede á convocatoria para a concesión das axudas reguladas nas presentes bases.

O Concello do Barco de Valdeorras exerce dentro das súas competencias o exercicio de políticas públicas de promoción do deporte, en cumprimento das disposicións vixentes en materia de réxime local, de conformidade co art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como de acordo á Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, ao sinalar que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos, e que exercerá en todo caso, como competencias propias, en materia de promoción do deporte, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade de Galicia. A súa vez, a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia fixa competencias aos Concellos para fomentar, protexer e regular o asociacionismo deportivo, como parte integrante do tecido social e estrutura idónea para o desenvolvemento do deporte e a actividade física na comunidade galega. A mesma sinala no seu artigo 8 a competencia municipal para a promoción do deporte. O concello poderá conceder subvencións a favor de entidades e deportistas que cumpran cos requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, previa solicitude e atendendo aos criterios de publicidade, transparencia, concorrencia, igualdade, obxectividade e non discriminación. Atendendo aos obxectivos de solidariedade, mellora da calidade de vida, promoción e desenvolvemento do deporte no municipio e en orde a facilitar o acceso de toda a cidadanía do Barco os diferentes niveis de práctica deportiva que contribúan a súa realización persoal e social, este Concello, a través da súa Concellería de Deportes, entende necesario establecer unhas bases para acceder a subvencións neste ámbito, que garantan os principios comúns a calquera convocatoria de subvencións. Fundaméntase xuridicamente no artigo 43.3 da Constitución Española, a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as modificacións incorporadas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións, xunto co Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento e a Lei de subvencións de Galicia, bases de execución do presuposto do Concello, Lei 19/2013 do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN E PERIODO SUBVENCIONABLE**

O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión de subvencións, por parte do Concello do Barco de Valdeorras, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a entidades deportivas sen ánimo de lucro que:

- Estean legalmente constituídas para o desenvolvemento da súa actividade deportiva
- Teñan o seu domicilio neste termo municipal, ou que sen telo especificamente estean desenvolvendo a súa labor principal a través dunha sección ubicada no mesmo.
- Estean desenvolvendo traballo específico no programa denominado Deporte Base no curso 2022-2023, entendendo como base as categorías dende prebenxamíns a cadetes (anos de nacemento entre 2.007 e 2.017 ambos incluídos).

Para axudar así a sufragar os gastos que o desenvolvemento deste programa denominado "DEPORTE BASE" lles está a xerar durante el período comprendido entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto 2023.



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**SEGUNDA.- BENEFICIARIOS, REQUISITOS E EXCLUSIÓN**

1) Poderán ser beneficiarios desta subvención as entidades deportivas que reúnan os requisitos establecidos a continuación:

   a) Estar legalmente constituído e adaptado como club/asociación deportiva segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril do Deporte de Galicia.
   b) Ter o seu domicilio social no termo municipal do Barco de Valdeorras, ou sen telo, estar desenvolvendo a súa labor a través dunha sección ubicada en dito municipio dentro dunha entidade deportiva legalmente constituída con domicilio social noutro termo municipal (debendo certificarse por parte da Federación correspondente á modalidade deportiva desenvolvida pola entidade, que no O Barco de Valdeorras se está desenvolvendo unha labor na Base por parte desa entidade).
   c) Realizar habitualmente a súa práctica deportiva principal en instalacións (sexan ou non da súa propiedade), dentro do termo municipal de O Barco de Valdeorras.
   d) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello do Barco de Valdeorras, respectivamente.
   e) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
   f) Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello do Barco de Valdeorras.
   g) Realizar traballo de base nas categorías comprendidas entre prebenxamíns e cadetes (anos de nacemento entre 2.007 e 2.017 ambos incluídos), dentro do Programa DxT Base, posto en marcha no mes de setembro de 2.022 pola Concellaría de Deportes do Concello do Barco de Valdeorras.

2) Quedan excluídas as entidades solicitantes que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

   a) En expediente de revisión de subvencións públicas como consecuencia de incumprimento dos fins das subvencións concedidas.
   b) As que estean pendentes de xustificación ou reintegro de subvencións municipais anteriormente concedidas.
   c) As federacións deportivas e as súas delegacións provinciais.
   d) As Sociedades Anónimas Deportivas.
   e) Aquelas que teñan convenio co Concello do Barco polo que perciban algunha cantidade económica por estes mesmos conceptos.
   f) Aquelas que non se atopen ao corrente en canto as súas obrigas tributarias estatais ou autonómicas, ante a Seguridade Social e ante o Concello do Barco.
   g) As que se atopen sancionadas polas causas de gravidade por algunha Administración ou federación correspondente en materia deportiva.
   h) Aquelas que presenten proxectos similares aos que xa realiza e promove a propia Concellería de Deportes.
   i) Aquelas que no seu proceso de admisión ou no seu funcionamento discriminen por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
   j) Aquelas que coa súa actividade promovan ou xustifiquen o odio ou a violencia contra persoas físicas ou xurídicas, ou enaltezan ou xustifiquen por calquera medio os delitos de terrorismo ou de quen teña participado na súa execución, ou a realización de actos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación das vítimas dos delitos terroristas ou dos seus familiares.
   k) Aquelas que se atopen nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DIGITALMENTE DOCUMENTO FIRMADO

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31 | EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005<br>Fecha: 01/02/2024<br>Hora: 00:00<br>Und. reg: REGISTRO GENERAL |
|---|---|---|

**TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CANTÍA TOTAL MÁXIMA CONVOCADA**

A dotación económica desta axuda queda establecida para o exercicio 2024 na cantidade de 35.500€ na aplicación orzamentaria 340/48900 dentro dos créditos dispoñibles.

**En ningún caso o Concello do Barco de Valdeorras terá relación coas actividades que se realicen ou impartan por estas entidades deportivas, nin co monitorado ou persoal encargado da impartación das mesmas por parte de cada entidade deportiva. Todo elo será de exclusiva conta de ditas entidades.**

**CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO**

Esta convocatoria rexerase, ademais de polo previsto nas presentes Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LGS en adiante), polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións (RGS en adiante), a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG en adiante), polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RSG en adiante), e polo disposto nas Bases de execución do orzamento desta Corporación (BEO en adiante), en especial pola Base 41.

**QUINTA.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA E CONCORRENCIA**

A publicidade da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tras as modificacións introducidas pola Lei 19/2013 do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así coma pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa. Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS o texto e anexos, así coma o extracto da mesma. Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relata aos beneficiarios, concesión das subvencións, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada na medida que se produzan os actos. Conforme ao sinalado na base 2, a condición de beneficiarios refírese a clubs ou entidades deportivas, polo que confirme ao disposto no artigo 20 da LGS, a remisión da correspondente información á BDNS realizarase en función das entidades beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas. Ademais, publicarase anuncio no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello do Barco de Valdeorras, e na páxina web do Concello www.concellodobarco.org

**SEXTA. - SOLICITUDES: PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN**

1. A solicitude cumprimentarase conforme ao **ANEXO 1: Solicitude de subvención a entidades deportivas, "PROGRAMA DEPORTE BASE curso 2.022/2.023" polo Concello do Barco de Valdeorras.**

2. A documentación aportada, indistintamente da súa natureza, deberá presentarse sen borróns nin emendas de ningún tipo.

3. A solicitude presentarase, exclusivamente, por rexistro electrónico a través da Sede Electrónica do Concello (URL: https://sede.concellodobarco.org), do mesmo xeito que a demais documentación referida nestas bases. A presentación da solicitude suporá a autorización da entidade solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, Facenda Autonómica e a Facenda Municipal. Non obstante, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo aportar entón a certificación nos termos previstos nas bases.

4. Conforme limita o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. A estes efectos, da



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

previsión regulada no artigo 16.4 da norma citada anteriormente, solo será aplicable o apartado a) da mesma.

5. O prazo improrrogable de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

6. A solicitude deberá ser formulada pola persoa que exerza a representación legal da entidade. Para a súa presentación por Sede Electrónica deberá realizarse a través do correspondente certificado cualificado do representante da entidade, en tarxeta ou en soporte software. A documentación xustificativa conforme a base décimo cuarta deberá presentarse por Sede Electrónica.

7. Si a solicitude non reunise os requisitos establecidos na forma da convocatoria, o órgano competente requirirá á entidade interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que si non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Durante o cómputo do prazo de presentación de solicitudes, a entidade beneficiaria poderá reformular a solicitude inicial.

8. Si se presentara a solicitude presencialmente, requiriráselle a entidade interesada para que a emende a través da súa presentación electrónica no prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte á notificación. A estes efectos, considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda. Si esta se tivese realizado superado o prazo de presentación de solicitudes, teráselle por desistido da súa solicitude.

9. Cando unha incidencia técnica imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda para a presentación de solicitudes, e ata que dita incidencia sexa solucionada, o órgano competente poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos equivalentes ao prazo durante o que non se tivese podido presentar solicitudes, debendo publicar na Sede Electrónica tanto a incidencia técnica acontecida coma a ampliación concreta do prazo non vencido. As entidades interesadas que detecten unha incidencia técnica deberán poñelo en coñecemento do órgano instrutor, de oficio ou a petición das entidades interesadas, sen que o prazo ampliado exceda a metade dos mesmos. O acordo de ampliación de prazos será notificado ás entidades interesadas. No acordo de ampliación de prazos e dende a data de validez do mesmo, o órgano instrutor poderá autorizar a presentación das solicitudes e documentación das entidades interesadas en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4, da forma que regulamentariamente establezan, ante causas sobrevindas e pola imputabilidade da responsabilidade na prestación do servicio por parte do Concello do Barco. En particular, para a validez da documentación presentada nas oficinas de Correos deberá realizarse en sobre aberto e que figure o selo de rexistro da entidade, xunto coa data de presentación, na primeira folla. En todo caso, será preceptivo e vinculante informe aportado polos servizos municipais para acreditar fidedignamente a incidencia técnica detectada.

**SÉTIMA. – DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE**

1. As solicitudes deberán formularse presentando a seguinte documentación, e solo se admitirá unha solicitude por entidade:

**a) <u>Documentación administrativa:</u>**

1. **<u>ANEXO 1</u>**: composto polos seguintes apartados:
   - **Apartado 1: Solicitude**: dirixida ao Sr. Alcalde.
   - **Apartado 2: Relación de documentación administrativa**: que estarán eximidos/as de presentar cando estes documentos xa obren en poder deste



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

Concello, menos no caso en que se producisen modificacións no contido dos mesmos, ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substituirá ao anterior. Para estes efectos, os/as solicitantes deberán facer constar neste apartado 2 que se acollen expresamente a este dereito. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos. No caso de presentarse incompleto non se terá en conta. Non obstante, no suposto de imposibilidade material para a obtención do documento por parte desta administración, poderá requirirse ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución:

- Copia do CIF do club deportivo ou asociación.
- Copia do DNI do/a representante do club deportivo ou asociación.
- Certificado da entidade bancaria na que se faga constar o número de conta e o/a titular da mesma.
- Copia dos estatutos de dito club/asociación deportiva onde se reflexe que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro, e se manifeste o seu obxecto e finalidade.
- Certificado de inscrición no correspondente Rexistro Oficial de Clubs Deportivos da Xunta de Galicia, no que conste o domicilio social do club ou documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente.
- Fotocopia da acta da asemblea celebrada no ano en curso, ordinaria o extraordinaria, reflexada no correspondente Libro de Actas, na que conste a aprobación do presuposto e actividades.

- **Apartado 3: Declaracións responsables:** dos seguintes aspectos:
  - Non atoparse incurso o/a solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da LGS que supoñan incapacidade ou incompatibilidade para percepción de subvenciones e axudas públicas.
  - Outras subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto ou fin, indicando a opción adecuada: (a) Non ter solicitado, nin obtido ningunha outra subvención nin da Administración Local, nin doutras Administracións ou entidades para a actividade ou proxecto presentado para esta convocatoria de subvencións (b) Ter solicitado, ou recibido algunha outra subvención para o mesmo fin indicando na declaración as subvencións solicitadas e recibidas para o mesmo obxecto de subvención por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida.
  - Nos casos que proceda, declaración aceptando o compromiso de compensar coa subvención outorgada, as débedas contraídas con este Concello.
  - Declaración xurada de estar en posesión das certificacións de delitos sexuais de todos/as los/as responsables a cargo dos/as menores de idade.
- **Apartado 4: Autorizacións:** para os seguintes aspectos: publicación na web do concello, obter acreditacións por parte do concello, comunicacións por mail, protección de datos, e incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

2. Certificacións orixinais dos seguintes aspectos:
   - Atoparse ao corrente coa Facenda estatal e Autonómica.
   - Atoparse ao corrente do pago da Seguridade Social.
   - Non ter débedas coa Facenda Municipal (certificación que será realizada de oficio polo propio Concello)

3. Aqueles clubs ou entidades deportivas que non teñan o seu domicilio social no termo municipal do Barco, certificación por parte da Federación correspondente á



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

modalidade desenvolvida pola entidade, na que se indique que esta entidade está desenvolvendo a súa principal labor deportiva en dito municipio.

b) **<u>Documentación específica para a valoración da solicitude do “PROGRAMA DEPORTE BASE curso 2.022/2.023”:</u>**

1. **<u>ANEXO 1:</u> Apartado 5: Memoria de actividades:** cumprimentando o modelo que aparece dentro deste apartando, utilizando os bloques seguintes que se consideren necesarios por parte de cada entidade deportiva, que conteñen dentro de cada un deles esta serie de datos:
   - **Bloque 1: Funcionamento ordinario da base:** os ingresos recibidos en concepto de licencias/cotas/taxas pagadas como matrículas, o número de matriculados/as por categoría, os horarios de actividade de cada categoría, monitorado responsable de cada categoría...

**<u>Neste apartado IDENTIFICARASE AO MONITOR/A RESPONSABLE DA BASE:</u>**
Presentarase,
- identificación do/a monitor/a responsable a cargo da base
- aportarase copia: do DNI, da titulación e do certificado que permite acreditar a carencia de antecedentes por delitos de natureza sexual.

*Dito monitor/a deberá estar en posesión obrigatoriamente, como mínimo, da “Titulación de nivel 1 de técnico deportivo da modalidade deportiva correspondente por parte da federación competente”.*

   - **Bloque 2: Competicións nas que participou a base, tanto oficiais como non oficiais:** nome d proba, lugar de celebración, data, categorías, entidade organizadora, proba federada ou non, prezo da inscrición si non fose gratuíta.
   - **Bloque 3: Actividades e eventos organizados para a base:** para cada unha das actividades organizadas especificarase: nome da actividade, lugar de realización, data, categorías, si se cobrou inscrición ou non, si se trataba de unha proba federada ou non.

2. **<u>ANEXO 1:</u> Apartado 6: Proxecto económico “PROGRAMA DEPORTE BASE curso 2.022/2.023”.**

3. Certificación orixinal expedida pola Federación ou Federacións correspondentes que regulen as modalidades deportivas realizadas en dita entidade, na que se especifique o número de licencias que posúe o mesmo nas categorías base comprendidas entre prebenxamíns e cadetes (anos de nacemento entre 2.007 e 2.017 ambos incluídos), ou unha relación realizada polo club/entidade, de os/as deportistas que teñen en ditas categorías (indicando nome e apelidos e categoría, ordenada alfabeticamente) e os xustificantes de matrículas formalizadas e taxas de matrícula aboadas ao club (tamén ordenados alfabeticamente seguindo a orde do listado ou relación anterior).

c) **<u>Outros aspectos:</u>** Todo o persoal que empreguen as entidades deportivas para a realización e impartición das súas actividades, non terá vinculación laboral nin contractual co Concello do Barco de Valdeorras.

Este Concello non será responsable da organización das actividades realizadas por ditas entidades.

**OITAVA. – PROCEDEMENTO E RÉXIME DE CONCESIÓN**

1. O procedemento de concesión desta subvención réxese polo sistema de concorrencia competitiva.
2. O procedemento iniciarase de oficio, coa aprobación da convocatoria.



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**NOVENA. - CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIÓNS**

O **<u>ANEXO 1:</u> Apartado 4: Autorizacións,** supón o consentimento dos seguintes aspectos:

1. **<u>PUBLICACIÓN NA WEB DO CONCELLO:</u>** De conformidade co artigo 8 da Lei 19/2013, o Concello publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios/as e o importe das subvenciones concedidas e obxectivo ou finalidade, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

2. **<u>OBTER ACREDITACIÓNS POR PARTE DO CONCELLO:</u>** A presentación da solicitude comportará a autorización do Concello do Barco para que poida obter a acreditación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa AEAT, facenda autonómica e a facenda municipal. (Real Decreto 887/2006, do 21de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións).

3. **<u>COMUNICACIÓNS POR MAIL:</u>** Realizar as seguintes comunicacións correspondentes a este procedemento de concesión de axudas a entidades deportivas para Deporte Base do Concello do Barco de Valdeorras, curso 2.022/2.023 (aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do anuncio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación), a través do correo electrónico indicado na solicitude.

4. **<u>PROTECCIÓN DE DATOS:</u>** De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, infórmaselles as persoas/entidades solicitantes, que os seus datos serán tratados de maneira confidencial e incorpóranse aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras coa finalidade de xestionar as subvencións que se regulan nestas bases. Tódolos datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de ditas subvencións e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos. Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal, así como dos membros segundo a declaración anexo I apartado 4, que se incorporarán aos ficheiros do Concello do Barco de Valdeorras. Así mesmo, autorizan ao Concello do Barco de Valdeorras a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes (NIF/NIE), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das subvencións. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito ante o Rexistro Xeral do Concello do Barco de Valdeorras. A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos que, en todo caso terá que ser expresada por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión da subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e ao reintegro do importe concedido.

5. **<u>INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA:</u>** Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na normativa sobre protección de datos, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos: En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa en desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporadas á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Así mesmo, en cumprimento do disposto



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia. Será deber do beneficiario facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións e control do destino das subvencións.

**DÉCIMA. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Considéranse gastos subvencionables exclusivamente os seguintes, que deberán producirse e realizarse dentro do prazo comprendido entre o 1 de setembro de 2.022 e o 31 de agosto de 2.023, ambos incluídos, (deben estar pagados á data límite de 31.08.2023- art. 31.2LGS) sempre que sexan derivados das categorías dende prebenxamín ata cadete ( anos de nacemento do 2.007 ao 2.017, ambos incluídos).

**a) Listado de gastos subvencionables:**

- Persoal técnico deportivo a cargo da base (adestradores/as ou monitores/as), contratado directamente polo club ou subcontratado a algunha empresa (no caso de subcontratación deben respectar o art. 29 LGS). Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se trasPoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 para o contrato menor (igual ou superior a 15.000,00 euros no caso de servizos ou fornecementos), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportase na xustificación , ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta máis vantaxosa.
- Licencias federativas destes/as deportistas.
- Canon de Federacións Deportivas de Galicia ou Española para participar en diferentes campionatos ou probas.
- Seguro de Responsabilidade Civil do club.
- Arbitraxes, xuíces, cronometradores e secretarías técnicas para actividades organizadas para a base.
- Equipacións cun máximo de 30% do gasto.

En todo caso debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto co mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate. Considerarase gasto realizado o que teña sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
En ningún caso o coste de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

**b) Gastos non subvencionables:**

- Os gastos de inversión, entendéndose por tales:
  - As adquisicións de bens cun importe unitario superior a 300,51 € (supervisaranse os fraccionamentos tendo en conta os prezos do mercado).
  - As adquisicións de bens ou a contratación de servizos de empresas ou outros terceiros destinados á realización de obras ou instalacións.
- Gastos ordinarios ou de mantemento da entidade deportiva (tales como luz, teléfono, material de oficina…)
- Tódolos non recollidos no apartado anterior.



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIXITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ-Alcalde/Presidente - 14/05/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/05/2024 13:17:31

EXPEDIENTE :: 2024DEP000000005
Fecha: 01/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

**DÉCIMO PRIMEIRA. - CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

Valorarase o número de licencias que posúe cada entidade debidamente certificadas e xustificadas mediante "Certificación orixinal expedida pola Federación ou Federacións correspondentes que regulen as modalidades deportivas realizadas en dita entidade, na que se especifique o número de licencias que posúe o mesmo nas categorías base comprendidas entre prebenxamíns e cadetes (anos de nacemento entre 2.007 e 2.017 ambos incluídos), ou unha relación realizada polo club/entidade, dos/as deportistas que teñen en ditas categorías (indicando nome e apelidos e categoría, ordenada alfabeticamente) e os xustificantes de matrículas formalizadas e taxas de matrícula abonadas ao club (tamén ordenados alfabeticamente seguindo o orde do listado ou relación anterior) no curso 2.022/2.023 (1 de setembro de 2.022 ao 31 de agosto de 2.023)."

**DÉCIMO SEGUNDA. - DETERMINACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN**

Seguirase o seguinte procedemento para a determinación do importe da subvención correspondente a cada entidade:

Unha vez valoradas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases, realizarase unha relación que recolla o número de licencias ou matrículas coas que conta cada entidade deportiva e calcularase o número total que suman estas licencias. O importe total destinado a este programa nesta subvención será dividido entre o sumatorio total de licencias e matrículas de tódalas entidades para extraer un prezo/neno.
Unha vez obtido o prezo/neno, multiplicarase polo número de licencias/matrículas de cada entidade deportiva e deste modo extraerase o importe de subvención correspondente a cada unha.

Paso 1. Número de licencias/matrículas de cada entidade deportiva} Suma total das licencias de tódalas entidades deportivas

Paso 2.

$$\frac{\text{Importe total da subvención destinado a este programa}}{\text{Número obtido da suma total de licencias}} = \text{Prezo/neno}$$

**O prezo/neno obtido non poderá ser superior aos 50€. Si o importe obtido fose superior a 50€, aplicarase automaticamente este importe máximo.*

Paso 3. Prezo/neno x Número de matrículas-licencias de cada entidade deportiva= Importe de axuda para cada entidade

**DÉCIMO TERCEIRA. - OS ÓRGANOS COMPETENTES PARA A ORDEACIÓN, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÑON DA SUBVENCIÓN E O PRAZO EN QUE SERÁ NOTFICADA A RESOLUCIÓN**

1. A instrución dos procedementos de concesión desta subvención corresponde á Concellería de Deportes, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Dentro desta fase verificarase que se cumpran as condicións impostas para ser beneficiario. Será preceptivo e vinculante o informe emitido polo órgano de instrución.

2. Para a determinación das contías e a súa baremación, será igualmente preceptivo e vinculante o informe emitido pola Comisión Técnica de Valoración, órgano colexiado competente para a revisión e verificación das solicitudes presentadas, así como da documentación xustificativa, que informará sobre o resultado da valoración da subvención en cada línea ou programa e a desestimación das solicitudes, si houbera.

3. A Comisión Técnica de Valoración estará integrada por:



CSV: 07E800097E0B00H2X2I3S7E0T4

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE

